



CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SECRETARÍA

JOSÉ RIESGO BOLUDA, SECRETARIO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO CONCELLO DE VIGO

CERTIFICO: Que o Consello de Xerencia da Xerencia Municipal de Urbanismo do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria do día 25/01/2022 acordou:

5. APROBACIÓN DE BASES E CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA A REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS E VIVENDAS NAS ARIS CASCO VELLO, BOUZAS, COIA, SANTA CLARA, BEIRAMAR, ESPÍNEIRO-TEIS, SAN PABLO E SAN ROQUE EN VIGO CON FINANCIAMENTO DO PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018/2021 - ANUALIDADE 2021. EXPTE. 3750/431.

Antecedentes:

O 12/01/2022 o xefe dos Servizos Centrais, co conforme do xerente de Urbanismo, emite o seguinte informe:

“I.- ANTECEDENTES

O Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, no seu programa de rexeneración e renovación urbana e rural, aprobado por RD 106/2018, do 9 de marzo, contén a normativa xeral do Estado sobre medidas de financiamento das actuacións protexidas en materia de rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbana e rural para o período 2018-2021 (BOE 10-03-2018).

O día 16 de agosto publícase no “Boletín Oficial del Estado” núm. 198, a Resolución de 31 de xullo de 2018 que recolle o convenio entre o Ministerio de Fomento e a Comunidade Autónoma de Galicia para a execución do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, asinado 30 de xullo de 2018.

O día 17 de agosto de 2018, publícase a Resolución de 3 de agosto de 2018, pola que se regula o procedemento para a participación no programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, (en diante R.03.08.2018).

O 10 de xuño de 2019 publícase a Resolución do 31 de maio de 2019 pola que se modifica a Resolución do 3 de agosto de 2018 e regula o procedemento para a participación no programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 (en diante R.31.05.2019).

O 30 de xuño de 2020 publícase a Resolución do 19 de xuño de 2020 pola que se regula o procedemento para participar no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, se establecen as bases reguladoras das axudas previstas para este programa e se abre o prazo de participación para a anualidade 2020 (en diante R.19.06.2020).

O 16 de xuño de 2021 publícase a Resolución do 3 de xuño de 2021 pola que se regula o procedemento para participar no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, se establecen as bases reguladoras das súas axudas e se abre o prazo de participación para a anualidade 2021 (en diante R.03.06.2021).





CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SECRETARÍA

Nesta Resolución procédese a abrir o prazo para solicitar a participación na anualidade 2021 do programa de rexeneración e renovación urbana e rural do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, fíxanse as axudas autonómicas previstas para ese plan, establécense as bases reguladoras das axudas previstas para este programa no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e, alén disto, dispón no seu artigo 8.1 que poderán participar os concellos que teñan declaradas algunha ARI no seu termo municipal. Que o IGVS poderá establecer limitacións na participación aos concellos respecto das súas ARIs que xa obtivesen financiamento con cargo a convocatorias anteriores deste programa no ámbito do Plan de vivenda 2018-2021.

En data 15 e 16.07.2021 o Concello de Vigo remitiu solicitudes de participación na anualidade 2021 para as ARIs de Casco Vello de Vigo, Bouzas, rúas Bueu-Moaña en Coia, Grupo Casas de Santa Clara, Beiramar, Espiñeiro-Teis, San Pablo e San Roque, así como o compromiso de actuar como entidade xestora das actuacións.

O Concello de Vigo leva realizando un dilatado labor de rehabilitación dos seus barrios históricos: comezando polo Casco Vello de Vigo, desde 2003 no barrio Histórico de Bouzas, desde 2015 nas novas ARIs das Rúas Bueu-Moaña (en Coia) e Grupo de Casas de Santa Clara e, finalmente en 2018, cunha nova ampliación da ARI no barrio do Coia. E ten solicitada e acadada a declaración de 4 novas ÁRIS. Para isto asináronse convenios ao abeiro dos Plans de Vivenda 1998-2001, 2002-2005, 2005-2008, 2009-2012, do Plan Estatal 2013-2016 e a súa prórroga, e xa por último, o presente Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, en vigor ata decembro de 2021 e as prórrogas acordadas para os últimos plans.

En Vigo están declaradas as seguintes áreas de rehabilitación integral (ARI):

- Área de Rehabilitación Integral de Conxunto Histórico do Casco Vello de Vigo, declarada o 29 de setembro de 1997.
- Área de Rehabilitación Integral de Bouzas, desde o 25 de marzo de 2003, coa condición de ARI Xeral en aplicación do D.18/2014 do 13 de febreiro.
- Área de Rehabilitación Integral Xeral de Bueu-Moaña no Polígono de Coia, declarada o 22 de xullo de 2015. En data 22 de novembro de 2018 declárase a ampliación do ámbito que na actualidade abrangue 1 000 vivendas dentro da delimitación ARI.
- Área de Rehabilitación Integral Xeral do Grupo Casas de Santa Clara, declarada o 22 de xullo de 2015.
- Área de Rehabilitación Integral de Ámbitos Urbanos do Grupo de Beiramar, declarada o 2 de xuño de 2021.
- Área de Rehabilitación Integral Descontinua de Ámbitos Urbanos do Grupo de Espiñeiro-Teis, declarada o 2 de xuño de 2021.
- Área de Rehabilitación Integral de Ámbitos Urbanos do Grupo de San Pablo, declarada o 2 de xuño de 2021.
- Área de Rehabilitación Integral Descontinua de Ámbitos Urbanos do Grupo de San Roque, declarada o 2 de xuño de 2021.

En data 13 de agosto de 2021 o IGVS comunica ao Concello de Vigo, as contías con cargo a anualidade 2021 establecendo unha achega de 1.650.230 euros do Ministerio de Transportes,





CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SECRETARÍA

Movilidad y Agenda Urbana e 426.420 euros da Xunta de Galicia para que proceda á remisión dos datos esixidos polo Ministerio e unha memoria-programa por cada ARI, destinados á sinatura de convenios. O Concello de Vigo remite ao IGVS o 26 de agosto de 2021 a documentación completa.

En data 1 de decembro de 2021, o Concello de Vigo, a Xunta de Galicia e o Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana, acordan asinar convenios interadministrativos para que o Concello de Vigo actúe como entidade xestora das actuacións, nestes acordos especifícanse tamén cales son os axentes intervenientes, o financiamento destas actuacións, e o compromiso do Concello de Vigo de publicar unha convocatoria en réxime de concorrencia no prazo de 4 meses desde a sinatura deste acordo, para a concesión das subvencións previstas nos ámbitos e cuxa vixencia finaliza en decembro de 2026.

Estes convenios son:

- Acordo da Comisión bilateral celebrada o 1 de decembro de 2021, relativo á Área de Rexeneración e Renovación Urbana do Casco Vello de Vigo para un total de 50 actuacións de rehabilitación e 6 de edificación.
- Acordo da Comisión bilateral celebrada o 1 de decembro de 2021, relativo á Área de Rexeneración e Renovación Urbana do Casco Histórico de Bouzas para un total de 20 actuacións de rehabilitación e 2 actuacións de edificación.
- Acordo da Comisión bilateral celebrada o 1 de decembro de 2021, relativo á Área de Rexeneración e Renovación Urbana das rúas Bueu-Moaña, Polígono de Coia, para un total de 80 actuacións de rehabilitación.
- Acordo da Comisión bilateral celebrada o 1 de decembro de 2021, relativo á Área de Rexeneración e Renovación Urbana do Grupo Casas de Santa Clara, para un total de 25 actuacións de rehabilitación.
- Acordo da Comisión bilateral celebrada o 1 de decembro de 2021, relativo á Área de Rexeneración e Renovación Urbana do Grupo Beiramar, para un total de 30 actuacións de rehabilitación.
- Acordo da Comisión bilateral celebrada o 1 de decembro de 2021, relativo á Área de Rexeneración e Renovación Urbana do Grupo Espiñeiro-Teis, para un total de 30 actuacións de rehabilitación.
- Acordo da Comisión bilateral celebrada o 1 de decembro de 2021, relativo á Área de Rexeneración e Renovación Urbana do Grupo San Pablo, para un total de 30 actuacións de rehabilitación.
- Acordo da Comisión bilateral celebrada o 1 de decembro de 2021, relativo á Área de Rexeneración e Renovación Urbana do Grupo San Roque, para un total de 35 actuacións de rehabilitación.

Após a sinatura dos acordos, o Concello de Vigo, de conformidade co estipulado no artigo 3.6 da R.03.08.2018 e nas R.31.05.2019, R.19.06.2020 e R.03.06.2021 polas que se establecen as bases reguladoras do programa de rexeneración e renovación urbana e rural do Plan estatal de vivenda 2018-2021, e o RD 106/2018, procederá a publicar unha convocatoria en réxime de concorrencia para a concesión de subvencións aos promotores das actuacións de rehabilitación e edificación no ámbito concreto de cada ARI declarada.

A xestión das axudas realizarase consonte a estas bases reguladoras que determinarán un procedemento de distribución dos recursos que asegure os principios de obxectividade, concorrencia e publicidade, respectando o establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral





CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SECRETARÍA

de Subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e garantindo a transparencia das actuacións administrativas. As devanditas bases terán como principios básicos os obxectivos de rehabilitación contemplados na normativa estatal e autonómica, contida nos referidos RD 106/2018 do 9 de marzo, na Resolución de 3 de agosto de 2018, polo que se establecen as directrices para o desenvolvemento do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, na R.31.05.2019 que modifica a R.03.08.2018 e regula o procedemento para a participación no programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, na R.19.06.2020 e na R.03.06.2021.

II.- NORMATIVA EXAMINADA.

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións. (LXS)
- Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Subvencións. (RXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- RD 106/2018, do 9 de marzo, contén a normativa xeral do Estado sobre medidas de financiamento das actuacións protexidas en materia de rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbana e rural para o período 2018-2021.
- O Decreto 18/2014, do 13 de febreiro polo que se determinan os aspectos básicos dos programas autonómicos de rehabilitación de vivendas e se dan as directrices para o desenvolvemento do Plan Estatal de fomento do aluguer de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016 no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia publicado no DOG o 25 de febreiro de 2014.
- Resolución de 31 de xullo de 2018, da Dirección General de Arquitectura, Vivienda y Suelo, polo que se publica o Convenio de colaboración entre o Ministerio de Fomento e a Comunidade Autónoma de Galicia, para a execución do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, asinado 30 de xullo de 2018.
- Resolución de 3 de agosto de 2018, pola que se regula o procedemento para a participación no programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, se abre o prazo de presentación de solicitudes e se establecen as bases reguladoras das axudas previstas para este programa, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
- A Resolución do 31 de maio de 2019 pola que se modifica a Resolución do 3 de agosto de 2018 pola que se regula o procedemento para a participación no programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, se abre o prazo de presentación de solicitudes e se establecen as bases reguladoras das axudas previstas para este programa, e pola que se convoca a participación neste programa para a anualidade 2019.
- A Resolución do 19 de xuño de 2020 publicada no DOG nº 128 de 30 de xuño de 2020, pola que se regula o procedemento para participar no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, se establecen as bases reguladoras das axudas previstas para este programa e se abre o prazo de participación para a anualidade 2020 (R.19.06.2020).
- A Resolución do 3 de xuño de 2021 publicada no DOG nº 113 de 16 de xuño de 2021, pola que se regula o procedemento para participar no Programa de fomento da rexeneración e





CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SECRETARÍA

renovación urbana e rural do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, se establecen as bases reguladoras das súas axudas e se abre o prazo de participación para a anualidade 2021 (R.03.06.2021).

- Real decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do solo e rehabilitación urbana.
- Lei 8/2013, do 26 de xuño, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbana.
- Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.
- A Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Estatutos da Xerencia Municipal de Vigo, aprobados polo Pleno de Concello de Vigo o 6 de setembro de 2010 (BOP de Pontevedra de 06.10.2010).
- Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo e bases de execución do orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo.

III.- RÉXIME XURÍDICO.

1. Competencia propia.

A conservación e rehabilitación da edificación é unha competencia propia do Municipio, de conformidade co disposto no artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (redacción da Lei 27/2013, 27 decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local).

A intervención pública no financiamento de axudas á rehabilitación nestas áreas pretende estimular a rehabilitación privada nos barrios, mais non só para acadar unha mellora no parque edificatorio, senón tamén na súa estrutura social, económica, cultural, etc.

O programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, ten como obxecto o financiamento para a realización conxunta de obras de rehabilitación en edificios e vivendas, de urbanización ou reurbanización de espazos públicos e, no seu caso, de edificación en substitución de edificios demolidos, dentro de ámbitos de actuación previamente delimitados como os enumerados anteriormente.

Estas obras realizaranse coa finalidade de mellorar os tecidos residenciais e recuperar funcionalmente conxuntos históricos, ámbitos urbanos, barrios degradados e núcleos rurais.

2. Aprobación da convocatoria de subvencións.

O réxime aplicable aos procedementos de outorgamento de subvencións tramitados polas entidades locais existentes na Comunidade Autónoma de Galicia debe adaptarse ao procedemento e marco xurídico descritos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, respectando os preceptos básicos contidos na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como no seu Regulamento aprobado mediante o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Segundo o previsto no artigo 23.2 da Lei 38/2003, precepto de carácter básico conforme ao



Copia do documento - Xerencia de Urbanismo - Vigo
EXPEDIENTE 3750_431

Data impresión: 26/01/2022 13:59 | Páxina 5 de 8
CSV: 2C88AH-534H5A-4ED9A8-6EMH8D-1KMHX-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SECRETARÍA

disposto na súa Disposición Final Primeira, a incoación de oficio para a concesión de subvencións realizase mediante convocatoria aprobada polo órgano competente, que desenvolverá o procedemento para a concesión das subvencións convocadas segundo o establecido no Capítulo II do Título I da devandita Lei e de acordo cos principios da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas e a 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. A mesma previsión establécese no artigo 20.2 da Lei 9/2007.

Estas subvencións están destinadas a cubrir parte dos gastos da execución das obras ou traballos de mantemento e intervención en edificios e vivendas, instalacións fixas, equipamento propio e elementos comúns, co fin de os adecuar á normativa vixente.

3. Bases Reguladoras.

Con carácter previo ao outorgamento das subvencións, deberán aprobarse as bases reguladoras da súa concesión. O obxecto das bases é fixar os criterios para a concesión das subvencións previstas para a anualidade 2021 do programa de rexeneración e renovación urbana e rural do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, vixente ata 31 de decembro de 2021 e as súas prórrogas aprobadas, recollido nos convenios asinados entre o Ministerio competente en materia de vivenda, a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo dentro dos seus ámbitos de aplicación.

As bases inclúense como ANEXO deste acordo.

4. Publicidade da convocatoria.

De acordo co disposto no artigo 9 da Lei Xeral de Subvencións, as bases publicaranse no diario oficial correspondente. A base 5ª reguladora desta convocatoria dispón a publicación da propia convocatoria e das súas bases no Boletín Oficial da Provincia e a remisión da mesma á BDNS para a súa publicación no BOP correspondente e no xornal de maior difusión da provincia.

5. Órgano competente.

A entidade competente para aprobar a convocatoria e bases reguladoras das subvencións é o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, de conformidade co disposto no artigo segundo letra B).3 dos Estatutos da XMU.

IV.- FINANCIAMENTO.

Como consecuencia dos acordos asinados co Estado e a Xunta de Galicia o pasado 1 de decembro de 2021, xerouse crédito no Orzamento desta Xerencia Municipal de Urbanismo por importe total de 2.076.650,00 euros, dos que 162.650,00 euros destínanse aos equipos técnicos tramitadores das subvencións e 1.914.000,00 euros ás propias axudas aos particulares (modificacións orzamentarias aprobadas o 16.12.2021 mediante resolucións da vicepresidente de 16.12.2021, recaída nos expedientes 14.048/407 e seguintes). Con data 23.12.2021 aplicouse o ingreso líquido dos 2.076.650,00 euros, comprometidos nos citados acordos de 1 de decembro e transferidos ao Concello de Vigo uns días antes.





CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SECRETARÍA

De conformidade co punto oitavo dos mencionados acordos e en virtude do previsto no artigo 54 do Real Decreto 106/2018, de 9 de marzo, “a actuación financiada no seu conxunto deberá estar finalizada no prazo máximo de 5 anos desde a sinatura do presente Acordo”.

Os créditos xerados en decembro 2021 son de incorporación obrigatoria ao exercicio 2022, de acordo ao estipulado polo artigo 182.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aprobou o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, por amparar proxectos financiados con ingresos afectados, “agás que se desista total ou parcialmente de iniciar ou continuar a execución do gasto” (que non é o caso neste intre).

Por tanto, entendemos que cabe realizar a convocatoria pública en concorrencia das subvencións, por existir financiamento. Previamente a adxudicación de ditas axudas estará materializada a incorporación dos créditos.

V.- PROPOSTA

Á vista do exposto e conforme ao Real Decreto 106/2018 que regula o Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, proponse ao Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo a adopción do seguinte...”

Votación:

EN CONTRA: Ningún voto.

ABSTENCIÓNS: Ningún voto.

A FAVOR: 10 votos: 1 do PP: Sr. González Castillo, 1 do Grupo Mixto: Sr. Pérez Correa, 1 do concelleiro non adscrito Sr. Pérez Iglesias e 7 do PSOE: Sres. Rodríguez Díaz, Espinosa Mangana, Mejías Sacaluga, Caride Estévez, Aneiros Pereira, Fernández Pérez e López Font.

Acordo:

O Consello, considerando a ponderación do cómputo de votos sinalado na sesión constitutiva de data 11 de xullo de 2019, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar as bases reguladoras e a convocatoria aplicables á concesión de subvencións á rehabilitación de edificios e vivendas nas ARIs de Vigo con financiamento da anualidade 2021 do Programa de Rexeneración e Renovación Urbana e Rural do Plan Estatal de Vivenda, 2018-2021.

SEGUNDO: Autorizar o gasto por importe máximo de 1.914.000 euros con cargo ao Orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo, co seguinte reparto por cada ARI:

- ARI do Casco Vello de Vigo (56 actuacións): 644.000 euros.
- ARI do Casco Histórico de Bouzas (22 actuacións): 233.000 euros.
- ARI das rúas Bueu-Moaña, Coia (80 actuacións): 392.000 euros.
- ARI do Grupo Casas de Santa Clara (25 actuacións): 105.000 euros.
- ARI do Grupo Beiramar (30 actuacións): 129.600 euros.
- ARI do Grupo Espiñeiro-Teis (30 actuacións): 129.600 euros.
- ARI do Grupo San Pablo (30 actuacións): 129.600 euros.
- ARI do Grupo San Roque (35 actuacións): 151.200 euros.





CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SECRETARÍA

TERCEIRO: Ordenar a publicación das bases reguladoras incluídas no Anexo deste acordo no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Pontevedra, e posteriormente á súa publicación, dispor a remisión da convocatoria á BDNS e a publicación da mesma no xornal de maior difusión da provincia.

CUARTO: Contra este acordo poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición ante esta Administración municipal no prazo de un mes, contado a partir do día seguinte á súa publicación no BOP, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á súa publicación no BOP.

O presente informe-proposta non ten carácter vinculante para o órgano competente ao cal compete a súa resolución, que acordará o que proceda consonte ao seu superior criterio.

E para que conste, para os efectos oportunos, expido a presente de orde e co visto e praxe da Sra. vicepresidenta da Xerencia de Urbanismo, coa salvedade indicada no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (RD.2568/1986), en Vigo no día da sinatura dixital.

tr/

Vº e Pº.

A vicepresidenta da XMU
María José Caride Estévez

